

COUSAS DAS CIENCIAS

Para este exercicio só necesitas un vaso de tubo, auga e unha carta dunha baralla. Aínda que é importante que teñas moita delicadeza ó facer este experimento se non queres poñelo todo perdido de auga.

Materiais

- 1 vaso de cristal de tubo
- 1 carta dunha baralla
- 1 fonte de auga (por se acaso)
- Auga

Como facer que non caiga a auga, paso a paso:

1. Coller un vaso de tubo con auga e enchelo ata o límite sen que rebose.
2. Cando teñas o vaso cheo, colle unha carta dunha baralla e tapa con ela o vaso.
3. Agora colle coidadosamente o vaso e dálle a volta. Comprobarás como a auga non cae.

Sobre a carta actúan dúas cousas: o peso da auga e a presión atmosférica. A presión atmosférica é maior e empurra a carta hacia enriba impedindo que a auga se caia.

RECORDA:

- 1.-Que é a presión atmosférica?

- 2.-Lembras onde é maior a presión atmosférica, na cima dunha montaña, ou nunha praia? Razoa a túa resposta.
